

Concurso #omeurecunhodelectura

Bases

Requisitos para participar:

Pode participar calquera persoa que teña unha conta de Instagram e un móbil ou cámara fotográfica que cumpra as condicións de uso do servizo de Instagram.

Seguir á conta de Instagram da biblioteca.

Na publicación é preciso etiquetar á biblioteca @bpsanxelcasal e poñer o cancelo #omeurecunhodelectura.

Na fotografía ten que aparecer, de forma recoñecible, polo menos un libro da biblioteca.

Prazo de participación: do 28 de marzo ao 28 de abril



Cando remate o prazo contamos os “me gusta” de cada unha das fotografías que cumpran os requisitos e seleccionamos a gañadora.

Porémonos en contacto coa persoa gañadora a través do Instagram para decidir cando lle facemos entrega do vale. A entrega será de forma presencial na biblioteca.

No caso de producirse un empate, un xurado composto por persoal da biblioteca decidirá a fotografía gañadora sen saber a autoría.

A biblioteca resérvase o dereito a deixar o concurso deserto se non hai suficiente participación (mínimo de participantes: 10 contas), así como a eliminar da competición calquera fotografía cunha temática allea ao concurso, que infrinxa os dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou que conteña imaxes ou comentarios ofensivos, violentos ou sexuais.

Esta promoción non está patrocinada, asociada, nin administrada por Instagram.

Premio: vale de 400€ de Micromedia